



## **BULGARIA: autorización dos importes da compensación económica a percibir por MIMO na intermediación de expedientes de adopción e do novo modelo de contrato**

Mediante a resolución de 20 de febreiro de 2013, a directora xeral de Familia e Inclusión aprobou os novos importes que a ECAI MIMO está autorizada a percibir das persoas solicitantes de adopción internacional pola intermediación con Bulgaria.

O importe total da compensación económica que poderá percibir a dita entidade ascende a un total de **15.139,95 €**, segundo a seguinte distribución:

### **1. GASTOS INDIRECTOS: 6.578,45 €**

#### **En España: 3.736,18 €**

##### a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de persoal: 2.326,51 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento: 578,33 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros: 544,67 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 286,67 €

##### b) Formación e adaptación: 0 €

#### **No país de orixe da ou do menor: 2.842,27 €**

1. Gastos de representante e outro persoal da ECAI no país de orixe da ou do menor: 2.336,35 €
2. Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina da ECAI: 262,50 €
3. Gastos de oficina, subministracións e outros da oficina da ECAI: 218,42 €
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros: 25,00 €
5. Achea a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país: 0 €

### **2.- GASTOS DIRECTOS: 8.561,50 €**

#### **En España: 2.561,50 €**

1. Xestión de documento: 200,00 €
2. Gastos de legalización e autenticación: 150,00 €
3. Gastos de tradución: 1.511,50 €
4. Gastos de mensaxaría e correos: 300,00 €
5. Taxas: 0,00 €
6. Seguímentos postadoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío: 400,00 €

#### **No país de orixe da ou do menor: 6.000,00 €**

1. Xestión de documentos: 250,00 €
2. Gastos derivados do rexistro do expediente no país: 0,00 €
3. Gastos de legalización: 0,00 €



4. Gastos de tradución: 2.000,00 €
5. Intérpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción): 700,00 €
6. Mensaxaría e correos: 300,00 €
7. Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción (xudiciais e administrativos): 1.540,00 €
8. Visados e pasaporte da ou do menor: 210,00 €
9. Gastos médicos obrigatorios: 600,00 €
10. Desprazamentos das persoas adoptadas no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción: 400,00 €
11. Axuda e manutención da ou do menor desde o momento que determine a lexislación do seu país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas adoptantes: 0 €

**Estos custos só serán aplicables aos contratos asinados con posterioridade á aprobación da devandita resolución (20 de febreiro de 2013).**

Así mesmo, mediante a devandita resolución, dáse conformidade ao contrato que regulará a intermediación de MIMO para a adopción internacional en Bulgaria, conforme o novo modelo unificado establecido pola Xunta de Galicia. Segundo o dito contrato, o pagamento fraccionarase da forma seguinte:

- **Primeiro pagamento:** á sinatura do contrato aboarase o 50% dos gastos indirectos (3.289,23 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 3.780,00 €, que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do segundo pagamento (1.280,00 € de costes directos en España e 2.500,00 € en Bulgaria). Total: **4.569,23 €**.
- **Segundo pagamento:** aceptada a asignación, aboarase o 25% dos gastos indirectos (1.644,61 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 2.750,00 €, que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do terceiro pagamento (1.000,00 € de costes directos en España e 1.750,00 € en Bulgaria). Total: **4.394,61 €**.

*No caso de que a solicitude sexa para a adopción de dous ou máis nenos, a provisión para costes directos incrementarase en 1.200,00 €, polo incremento previsto para as solicitudes múltiples en Bulgaria.*

- **Terceiro pagamento:** antes da realización da viaxe ao país aboarase o 25% dos gastos indirectos (1.644,61 €) e efectuarase unha provisión de fondos de 2.031,50 €, que corresponden aos gastos directos previstos para finalizar a adopción e realizar os informes de seguimento dos dous primeiros anos trala adopción, se é o caso (281,50 € de costes directos en España e 1.750,00 € en Bulgaria).

*No caso de que a solicitude sexa para a adopción de dous ou mais nenos, a provisión para costes directos incrementarase en 800,00 €, para cubrir o incremento previsto para as solicitudes múltiples en Bulgaria.*